

SEMINARIO



“Herstory II. Descubrindo unha nova historia da Arte”

DOCENTE: **Carolina Casal Chico**

DATAS: 10, 11, 12, 13 de febreiro de 2025

HORARIO: de 10:30 a 12:30 h

LUGAR: Por determinar

Lugo

Prezo da matrícula:

- Alumnado do Diploma Senior IV Ciclo: **24 €**
- Externos ao programa: **28,24 €** + 20,69 Seguro de accidentes (O seguro de accidentes abonarase unha vez por curso académico)

Prazo de matrícula: Desde o 9 de xaneiro ata o 2 de febreiro

A matrícula realizarase chamando ao teléfono 881 814 588 ou ben a través da secretaría virtual no seguinte enlace.

<https://sec-virtual.usc.es/Actividades/Matricula/SeleccionaActividade.asp?IdActividad=14308>

O mínimo de estudantes matriculados/as para poder impartirse este seminario será de 15.

INTRODUCCIÓN

Iconas da Arte de todos os tempos e postergadas cara o futuro nas magníficas obras asinadas polos máis estupendos mestres, as mulleres; deusas, virxes ou adúlteras, damas da alta sociedade ou prostitutas, vestidas e sobre todo espidas; enchen a Historia da Arte e as paredes dos grandes e pequenos museos, mais son moi poucas as que asinan os lenzos colgados neles.

Vítimas da discriminación sexista do sistema e da súa historia; escrita desde a desigualdade de xénero que creou a visión universal, aínda imperante hoxe en día, que sostén a ideoloxía patriarcal e o seu relato artístico; as mulleres creadoras e as súas creacións ficaron menosprezadas e silenciadas por unha violenta política de ocultación sistemática, afirmando con ela a dominación masculina da arte e creando unha falsa identidade entre creatividade, cultura, beleza, verdade e masculinidade..

OBXECTIVOS

- Aproximar a sororidade do feito artístico asolagado á vez que introducir na comprensión da creatividade artística
- Reconstruír a historia, a historia da muller e a da arte das mulleres percorrendo os lugares, as tácticas e os motivos do silencio de cara confrontar o micro o meta relato histórico
- Aproximar a voz da creatividade feminina -e feminista-, silenciados nos libros e nas institucións museísticas ao longo da historia
- Confrontar a problemática patriarcal do Sistema da Arte de cara abrir novas miradas e novos camiños cara o futuro de igualdade.

METODOLOXÍA:

Exposición teórica. Aulas expositivas complementadas con información gráfica nas que se fará a explicación dos contidos teóricos da materia

Exposición a debate. Aulas interactivas ou participativas nas que os/as asistentes afrontarán actividades prácticas relacionadas cos contidos teóricos da materia

Práctica de campo. Julia Minguillón vs. Maruja Mallo Museo Provincial de Lugo, ou exposición a fin.